

RESOLUCIÓN REITORAL DO 30 DE XANEIRO DE 2006 POLA QUE SE ESTABLECE A ELABORACIÓN DE ACTAS POR GRUPO NA FACULTADE DE DEREITO

O artigo 19 das Normas de Xestión Académica establece que "Por cada materia cursada e por cada unha das convocatorias de exame elaborárase unha acta na que figuren tódolos alumnos matriculados, indiferentemente do réxime de matrícula. Mediante resolución reitoral, poderá establecerse que as actas se confeccionen por grupos de docencia de acordo co procedemento de elaboración e cumprimentación de actas que se estableza".

O programa de xestión académica Xescampus incluíu dentro dos seus módulos, un de xestión de grupos de docencia, que inicialmente foi utilizado pola Facultade de Dereito, onde os alumnos xa figuran adscritos a grupos no programa informático de xestión académica.

Cómpre dar un paso máis e establecer a posibilidade de realizar as actas por eses grupos de docencia, polo que se require unha rodaxe do sistema e unha experimentación previa a súa implantación con carácter xeral aos Centros que o soliciten.

Deste xeito e con carácter inicialmente experimental para a Facultade de Dereito procede autorizar as actas por grupos, todo isto conforme ás regras que se establecen na presente Resolución Reitoral. Non obstante a regulación xeral desta materia realizarase conforme unha resolución xenérica unha vez se teña xa unha experiencia sobre as vantaxes e dificultades deste sistema para os efectos de poder regulamentar con detalle as posibles situacións que se presenten.

Por todo o anterior, esta Reitoría Resolve:

Primeiro.-

De conformidade co artigo 19 das Normas de Xestión Académica, autorízase a elaboración de actas por grupos na Facultade de Dereito dende o primeiro cuadrimestre do curso 05/06. Esta autorización abrangue á totalidade das actas emitidas no curso. Esta autorización non obsta á posibilidade de elaborar actas únicas por materia cando así o decida a Facultade, sempre que afecte á totalidade das actas emitidas no curso.

Segundo.-

Corresponde á Facultade de Dereito determinar os alumnos que figuran en cada grupo. As actas serán cubertas e asinadas polos profesores das materias que figuren como responsables de cada grupo, quen tamén serán os responsables de informar previamente das cualificacións provisionais nos taboleiros e, no seu caso, a través do programa de comunicación de notas por móbiles.

Terceiro.-

A Facultade, a proposta dos respectivos Departamentos, designará un Coordinador de cada materia para resolver as incidencias que afecten a máis dun grupo. Non será necesaria unha nova designación cando na Programación académica da USC xa exista esa figura e así conste no POD.

Cuarto.-

Os alumnos que figuren en cada acta serán os asignados a cada grupo. Só procederá o cambio de grupo nos prazos e polo procedemento establecido polo Centro con anterioridade a emisión da acta.

Calquera modificación do grupo dos alumnos nas actas por causas sobrevidas e xustificadas, como recusacións ou abstencións, deberá ser autorizada polo reitor ou a Secretaría Xeral.

Quinto.-

Para os efectos do outorgamento de matriculas de honra, terase en conta o establecido no artigo 5.6 do Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro, de tal xeito que o total de matriculas de honra concedidas no conxunto dos grupos dunha materia non poderá sobrepasar o 5% do total de matriculados nesa materia no curso académico, agás que este número de alumnos matriculados sexa inferior a 20 en cuio caso só poderá concederse unha matricula de honra.

Con este fin, en cada un dos grupos dunha materia poderán outorgarse matriculas de honra como máximo ao 5% dos alumnos que figuren adscritos ao grupo. Os restos aplicaranse ao grupo co resto maior, sempre dentro do límite establecido no parágrafo anterior. Se o número de matriculas de honra non é divisible polo número de grupos, as matriculas de honra sobrantas adxudicaranse pola orde alfabética dos grupos.

O coordinador da materia pode alterar a cantidade de matriculas de honra asignadas aos grupos a través da Secretaría Virtual conforme as instrucións que se establecerán en cada momento. Esta alteración estará suxeita ás seguintes restricións:

- a) A suma de matriculas de honra asignadas aos grupos non pode exceder a cantidade fixada para a materia
- b) A cantidade de matriculas de honra asignadas a un grupo non pode ser inferior á cantidade de alumnos xa cualificados con matricula de honra nese grupo, na convocatoria que se está a administrar. No caso de querer asignar unha cantidade inferior é preciso cambiar a cualificación dos alumnos que teñen a materia cualificada coa mención matricula de honra

Sexto.-


O procedemento de elaboración, cobertura, tramitación, custodia e modificación de actas será o ordinario, sendo plenamente aplicable a Instrución do Secretario Xeral do 24 de febreiro do 2000, coas singularidades contidas na presente Resolución.

Sétimo.-

Autorízase ao Secretario Xeral para resolver cantas incidencias se produzan no procedemento de elaboración de actas por grupos.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2006

O REITOR


Senén Barro Ameneiro

